



Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

Unha nova Seguridade Social para labregos e labregas

Aínda que se mellorou o sistema de cotización para labregos e labregas que impuxera o PP, a caída xeralizada da renda agraria en todos os sectores por mor do aumento de custes e a baixada de prezos fará que moit@s non se podan beneficiar do novo sistema. Ademais, marxínase ás mulleres entre 40 e 50 anos. **Páx. 6**

■ Aldea Global


A CPE pide unha nova PAC no 2008 en clave solidaria

Tras o Cumio da OMC en Hong Kong, xa se está a falar do remate da Política Agraria Común (PAC) para o 2008. A Coordinadora Labrega Europea (CPE) opina que debe haber PAC, pero reformulada sobre criterios de solidariedade e soberanía alimentaria. **Páx. 9**

■ Agroecoloxía

Pretenden legalizar a presenza de OXMs na agricultura ecolóxica

O proxecto de regulamento para a agricultura ecolóxica europea inclúe a posibilidade de que os produtos ecolóxicos conteñan unha cantidade inferior ao 0'9% de transxénicos sen obriga de informar na etiqueta e sen perder a certificación agroecolóxica. **Páx. 12**



Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es
www.sindicatolabrego.com

O SLG utilizará todos os medios posíbeis para evitar unha nova baixada do leite

■ As industrias leiteiras aceptaron non baixar o prezo no mes de xaneiro. En vindeiras negociacións, o SLG seguirá defendendo un prezo mínimo de base entre 30 e 33 céntimos.

■ O Sindicato Labrego está disposto a emprender mobilizacións en defensa dos intereses labregos; así, tendeu a man ás outras organizacións para unir forzas na loita. **Páxs. 5 e 7**



O SLG seguirá defendendo a carne de vacún das explotacións fronte á dos cebadeiros

A última Dirección da Carne de Vacún do SLG reafirmouse nas súas posturas dentro de Tenreira Galega. Así, seguirá defendendo a marcha atrás na tentativa de crear a marca Tradicional, vinculada a unhas poucas explotacións e elite inscritas en Acru-

ga; pedirá que a carne dos cebadeiros se etiquete como tal para non enganar á xente; e demandará apoio e promoción para a Tenreira Galega Suprema. Ademais, Xabier Gómez Santiso ponnos ao día co pago único no vacún de carne. **Páxs. 2 a 4**



Mobilizacións no Ribeiro e Rías Baixas se non respectan os acordos do viño

O pasado 28 de xaneiro reuníase en Ribadavia a Dirección do Viño do SLG. Entre os acordos acadados está o de reivindicar en vindeiras mesas do viño contratos homologados que normalicen as relacións comerciais entre viti-

cultores e viticultoras e as adegas. Ademais, e diante do incumprimento dos últimos compromisos en denominacións de orixe como o Ribeiro ou Rías Baixas, o SLG amosouse disposto a iniciar mobilizacións. **Páx. 11**

Facenda quítalles ás mulleres labregas as axudas por ter fill@s ao cargo

As mulleres labregas, como traballadoras e cotizantes, teñen dereito a unha paga de 100 euros ao mes por ter fill@s ao cargo menores de tres anos. Iso é o que di a lei, pero Facenda non opina o mesmo e estalles a reclamar a paga á

que teñen dereito. Un novo xeito de discriminación para as labregas, xa que isto non ocorre noutras profesións. A Secretaría das Mulleres do SLG xa recorreu ante os ministerios de Traba-

Páx. 13



O SLG reclama que se distinga a carne das explotacións da industrial

Avogara por unha identificación clara do produto dos cebadeiros dentro da IXP Tenreira Galega

A tentativa de algunhas granxas de elite de crear a marca Tenreira Galega de Tradición Familiar, e de vender como Tenreira Galega tanto a carne das explotacións labregas como a dos cebadeiros industriais, centrou boa parte

da última Dirección da Carne do SLG. Ademais, tamén se falou dos criterios a defender na distribución de cartos que prevé o artigo 69 no pagamento único que entra en vigor para este ano.

O primeiro tema do encontro virou ao redor da situación actual na Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega. Xosé Álvarez Lombardero, que é vocal na IXP ademais de ser o responsábel da Dirección da Carne do SLG, informou de que no consello seguen na teima de crear a marca Tenreira Galega de Tradición Familiar, que se limitaría a becerros con menos de sete meses e medio, alimentados só con leite, e de raza Rubia Galega.

A posición da Dirección da Carne do SLG foi unánime ao defender a desaparición desta marca que só favorecería a unhas poucas granxas de elite inscritas na Asociación de Criadores de Rubia Galega (Acruga).

Ademais, o Sindicato Labrego Galego tamén vai seguir traballando para que se diferencie claramente a carne producida en explotacións labregas da que sae dos cebadeiros industriais. Para iso, propondrá a desaparición da marca xenérica Tenreira Galega, e a



A Dirección da Carne do SLG fixou a postura de oposición sindical diante da Tenreira Tradicional

creación dunha Tenreira Galega Industrial fronte a Tenreira Galega Suprema. A intención da Dirección da

Carne do SLG é que esta diferenza non se plasme só nun selo, senón que se informe dela a consumidores e

consumidoras con campañas de promoción da calidade que ten a Tenreira Galega Suprema.

Os cartos do artigo 69 para o pago único deben ser para as explotacións extensivas

O outro tema principal da última Dirección da Carne foi a análise da proposta de aplicación do artigo 69 do pago único por parte do Ministerio de Agricultura. O artigo 69 permite repartir parte dos fondos europeos destinados ao pago único con determinados criterios que debe fixar o Ministerio. A proposta do Goberno, agora mesmo, é a de dar 47'5 millóns de euros ás explotacións de produción extensiva, e 7 millóns para os cebadeiros industriais en base á calidade.

O Sindicato Labrego adoptou unha postura contraria a

estes criterios do Ministerio de Agricultura, e defenderá que todos eses cartos deberán ser para apoiar ás ganderías extensivas. Por esta razón, o SLG vaille presentar ao Ministerio unha proposta que incluíra os seguintes puntos: que as axudas se dean por vaca e non ao cebo, que se cree un orzamento de apoio para recuperar a alimentación tradicional, ser ATP, ter unha carga gandeira menor de 1'8 UGM por hectárea, ou estar en zonas de montaña ou desfavorecidas.

Finalmente, tamén se tratou o tema dos prezos. A conclusión á que chegou a



A Dirección da Carne tamén decidiu dirixirse ao Ministerio para que o artigo 69 favoreza só ás explotacións labregas

Dirección da Carne foi que, a pesares de que seguen a ser malos, son os mellores dos últimos dous anos, acadando valores entre os 4'32 e os 4'56 euros. En canto ás previsións, Tenreira Galega

mantén que non baixen en primavera, xa que a Indicación Xeográfica Protexida asinou convenios de venda con Consumer e Natur (do grupo Eroski) e Montemaior (Alcampo).

Xosé Álvarez Lombardero, vocal do SLG na Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega

“A carne producida de xeito industrial debe saír como Tenreira Galega de Cebadeiro”

Ninguén mellor que Xosé Álvarez Lombardero para falarnos da actualidade do sector da carne de vacún. Vocal polo SLG na Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega,

comparte este labor co traballo na súa explotación de Candelos (A Fonsagrada). Nesta entrevista, Lombardero denuncia teima en crear o selo Suprema Tradicional de certas granxas de elite

vinculadas á Asociación de Criadores de Rubia Galega (Acruga), iniciativa que marxinaría ás explotacións labregas e metería o seu produto no mesmo saco có dos cebadeiros industriais.

■ Segue aberta a polémica pola tentativa de crear a marca Tenreira Galega Suprema Tradicional?

Este é un problema que se vén arrastrando dende hai dous anos. Diz Guedes comprometérase co presidente de Acruga a crear unha marca dentro da IXP exclusiva para a carne de Rubia Galega. O SLG xa denunciou naquel mesmo intre que Política Agroalimentaria e Acruga ían crear un novo selo sen consultarllo ao sector, e deron marcha atrás.

■ Que denuncia en concreto o SLG?

Pois que Tenreira Tradicional pretende acoller só a carne de becerros de raza Rubia Galega con menos de sete meses e medio e alimentados só con leite. Iso discrimina aos becerros da Suprema que se crían en explotacións labregas, dunha calidade excelente, alimentados con leite case todos e, nos últimos meses, con pensos a base cereais.

Para o SLG, a creación desa marca en substitución da Suprema non é máis ca un *chiringuito* para certas ganderías de elite de Acruga que deixaría desprotexidas ás explotacións tradicionais, pois veríanse na obriga de sacar a súa carne ao mercado como Tenreira Galega en troques de Suprema, co mesmo selo de calidade có dos cebadeiros industriais.

■ A que intereses pensa que responde a creación desta marca?

Gustárame saber de quen partiu esa proposta de Acruga, porque teño falado con varios membros desta asociación e para nada están de acordo con que os seus becerros saian ao mercado con sete meses e medio. Eu entendo que esa proposta foi



Lombardero é vocal na IXP Tenreira Galega e o responsábel da Dirección da Carne do SLG

duns poucos membros de Acruga, seguro que das explotacións de elite, sen contar para nada cos asociados.

A mellor rendibilidade dun becerro, cando realmente che deixa cartos e colle quilos, é entre os sete e os dez meses. Evidentemente, unha explotación con poucos becerros non se pode permitir o luxo de vendelos con sete meses e medio. Iso pode facelo unha explotación con moitos xatos, pero non unha con menos de trinta, que

debe aproveitar a rendibilidade ao máximo.

■ Que posición adoptan respecto deste tema os outros integrantes da IXP Tenreira Galega?

O meirande están de acordo con isto, xa que aos cebadeiros lles interesa que vaia toda a carne no mesmo caixón. Así, se crean a Tenreira Tradicional, no selo Tenreira Galega quedaría unha pouca carne de calidade das explotacións labregas que tiraría do prestixio

da marca, e ao amparo dela venderíase a dos cebadeiros.

Isto acada a dimensión dun problema social. A carne producida nunha explotación tradicional non pode saír ao mercado co mesmo selo que o produto dun cebadeiro industrial, xa que parten de filosofías totalmente diferentes: mentres que a produción tradicional supón o sustento de moitas economías familiares, o cebo industrial é un negocio puro e duro.

Polo tanto, o SLG pediu e segue a pedir que a carne producida de xeito industrial saia á venda como Tenreira Galega de Cebadeiro, de maneira que a xente saiba, claramente, que elixe.

Para o SLG, a marca Tenreira Galega Suprema Tradicional non debe crearse e, a maiores, cómpre diferenciar claramente a carne das explotacións labregas da producida no cebo industrial.

■ Pensa que está suficientemente apoiada e diferenciada hoxe a Suprema?

Non, para nada. Esta xa é unha vella reivindicación do Sindicato Labrego, que dende sempre pediu campañas de promoción específicas para a Suprema, algo que nunca se fixo coa desculpa de que non estaba ben tipificada, e de que Tenreira Galega é unha soa marca.

Agora, por primeira vez, hai unha partida de 150.000 euros para promover a Suprema, o cal semella un indicativo de que o novo Goberno está na liña de apoiar a diferenciación.

“Agora mesmo a carne de vacún está máis barata que hai quince anos”

■ En canto aos prezos, como foron os do 2005? Como os ve para o 2006?

O 2005 non foi o peor ano, basicamente porque fomos moi maltratados antes, en parte arrastrados pola crise das vacas tolas. Así, mentres que nos últimos anos os meses de inverno foron desastrosos en canto a prezos, no 2005 termamos un pouco. Semella que neste 2006 a caída non vai ser tan grande e que imos manternos estancados nos valores actuais, pero iso non é bo, xa que os gastos non paran de medrar e o prezo da carne non sobe en consonancia.

Agora mesmo, a carne está máis barata que hai quince anos. A escusa que nos dan é que temos subvencións que antes non tiñamos, pero aí tamén perdemos, pois Galiza sempre foi moi deficitaria en dereitos de vacas nutrices. Esa desigualdade con respecto a outros países e comunidades vén de facerse inamovíbel ao poñer en marcha o pago único.

■ Diante deste panorama, que políticas e accións pensa que debería emprender a Consellaría de Medio Rural neste sector?

Eu quero deixar claro que na Ten-

reira Galega debemos facer forza para vender o que producimos en Galiza, xa que todo o que producimos non chega para abastecer a demanda interna galega.

Temos un sector no que o meirande da carne a seguen a vender os pequenos carniceros, que non están integrados na Indicación Xeográfica Tenreira Galega. Penso que debería haber medidas de apoio, tanto para os pequenos carniceros como para as explotacións tradicionais, que deberían ser o buque insignia de Tenreira Galega.

As explotacións de carne de vacún diante da posta en marcha do pagamento único

por **Xabier Gómez Santiso**, responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego Galego

No presente artigo, o responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego, Xabier Gómez Santiso, aborda a entrada en vigor do pagamento único nas explotacións de carne de

vacún. Neste sector en concreto, parte das axudas seguirán vinculadas á produción gandeira, mentres que outra parte non o estarán. En base a isto, Santiso advirte que, en caso de querer

seguir cobrando como ata o de agora, que a ninguén se lle ocorra reducir ou abandonar a actividade, ter menos superficie, ou comprar e vender dereitos de vacas nutrices.

O 2006 é o ano de aplicación do pagamento único. Cómpre lembrar que para o sector do vacún de carne ficarán desvinculadas da produción (desacoplamento) a prima de cebo de machos, os pagamentos adicionais de vacún, as primas de extensificación, e o 60 % do sacrificio de adultos (reses maiores de sete meses). Todo o resto seguirá vinculado á produción: prima de nutrices coa súa prima nacional (224,15 euros en total), o sacrificio de xatos (menores de sete meses), e o 40 % do sacrificio de adultos.

Isto significa que parte do pago único quedará vinculado á produción, e a outra parte non. Para simplificar, case podemos dicir que quen queira cobrar o 100 % do que cobraba, deberá manter o 100 % da actividade, agás a retención de machos.



O autor deste texto, Xabier Gómez Santiso, é o responsábel dos sectores gandeiros do SLG

Como na aplicación do pagamento único fica aínda algunha lagoa en determinados aspectos, quen non queira correr riscos nin

perder cartos das primas, non deberá facer nada do seguinte:

■ Reducir ou abandonar a actividade.

■ Reducir a superficie.

■ Vender ou mercar dereitos de nutrices.

Calquera destas modificacións pode significar a

perda de parte das primas que corresponden ao pagamento único.

Ademais, é importante non perder moito xa que, como temos falado en moitas ocasións, cando facíamos a valoración desta Política Agraria Común (PAC), estas primas tenden a minguar dende o mesmo intre da súa aplicación. Lembremos: redución do 3% este ano, do 4% no que vén, e do 5 % nos seguintes para todos aqueles que cobredes máis de 5.000 euros. Aparte, hai que contar coa rebaixa do 7% anual para redistribuír cos criterios do artigo 69. É dicir, o pago único descenderá cada ano que pase.

Por outra banda, para acceder ás reasignacións do artigo 69 vai ser preciso manter a actividade e a extensificación (1,5 unidades de gando maior por hectárea, segundo a última proposta).

A partir de agora, para cobrar haberá que cumprir normas de condicionalidade

Non debemos tampouco esquecer que o pago das primas de pagamento único están vinculadas a cumprir coas denominadas condicionalidade, que supón unha chea de normas relacionadas con aspectos medioambientais, de manexo e benestar animal que, segundo parece, van estar moi controladas pola Administración.

A xeito de conclusión, podemos dicir que o réxime de pagamento único tende a que os cartos que percibimos en forma de primas sexan menos cada ano, e obríganos a cumprir un maior número de condicións.

Neste senso, cómpre lem-

brar que unhas axudas moi asequíbeis para este sector son as agroambientais, xa que existen unhas condicións doadas de cumprir polas explotacións extensivas de carne e, en calquera caso, non superiores ás que obriga a condicionalidade.

O problema que supoñen estas axudas é de xestión técnica e burocrática, pero tamén a isto debemos perderlle o medo, xa que esta vai ser inherente ás explotacións, independentemente das primas que cobren. É un absurdo pensar que imos reducir a carga burocrática por renunciar a primas e, neste sentido, débadesvos animar todas e todos a solicitarlas.



As explotacións extensivas adoitan a cumprir as esixencias das axudas agroambientais

Editorial

O SLG non permitirá que a industria baixe de xeito unilateral o leite

No mes de novembro, e durante todo o Nadal, os compradores de leite, tanto industrias como de outro tipo, encheron as nosas cortes co ruixe ruixe de que o prezo do leite ía minguar. Esta é unha técnica que utilizan habitualmente para baixar o prezo: anúnciase uns meses antes e, cando por fin se baixa, xa está a cousa asumida por gandeiros e gandeiras.

No SLG valoramos que esta vez é diferente, xa que o prezo do leite leva dous anos baixando, sen case ningunha recuperación. Nestes intres, debido ao forte incremento dos custes de produción (alimentación do gando, transporte, gasóleo, seguridade social, etcétera) resulta totalmente inasumíbel polo sector, xa que unha nova baixada suporía unha redución moi importante do beneficio (salario) dos gandeiros e gandeiras, en moitos casos a totalidade.

Estas razóns leváronnos a facer unha xuntanza da Dirección do Sector Leiteiro do SLG a primeiros de xaneiro, na que se acordou agardar á reunión da Mesa do Leite do 25 dese mesmo mes. A posición do SLG na Mesa era clara: en caso de seguir a ameaza, iniciáranse de inmediato mobilizacións comarcais.

“Nestes intres, debido ao forte incremento dos custes de produción (alimentación do gando, transporte, gasóleo, seguridade social, etcétera) resulta totalmente inasumíbel polo sector, xa que unha nova baixada suporía unha redución moi importante do beneficio (salario) dos gandeiros e gandeiras, en moitos casos a totalidade”.

No inicio da reunión, o propio Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, manifestaba que non había razóns obxectivas que xustificasen unha baixada do prezo -cousa que nunca antes pasara-, pero nin así foi posible arrincarlle á industria o compromiso de suspender a baixada en xaneiro e negociar, a continuación, un calendario de prezos. Lonxe disto, a industria ficou muda. As únicas intervencións que mantivo foron realizadas por un representante da Federación de Industrias Lácteas (Fenil), que veu dende Madrid para a ocasión e que, máis que negociar, parecía que viña co obxectivo de rebentar a Mesa.

Vista a actitude da industria láctea na Mesa do Leite, as organizacións agrarias

acordamos de inmediato suspender cada un as súas mobilizacións e iniciar contactos para emprender accións conxuntas. Nos vindeiros días definiremos esa mobilización. O que nos queda é empezar de inmediato a falar con todo o mundo do sector no sentido de que non imos aturar unha nova baixada, imposta unilateralmente pola industria. Se o prezo baixa, deberá ser encadrado dentro dunha negociación que permita volver a recuperalo na propia campaña xa que, de non ser así, o que vai pasar é que a industria nos vai roubar a prima que nos concede a Política Agraria Común (PAC) por producir leite.

Por outra, cómpre lembrar que a estratexia da industria tamén obedece a estratexias da propia PAC e ás políticas da Organización Mundial do Comercio (OMC) de baixada de prezos. Está claro que a baixada de prezos non podería existir se aplicamos no sector as leis do mercado, pois hoxe, no sector lácteo, non hai caída no consumo nin nos prezos finais. Daquela, esta baixada de prezos só pode deberse a dúas cousas: a estas estratexias da PAC e da OMC; ou a que a industria tivese decidido gañar máis do que están gañando, que é moito, á nosa conta, pois sabemos que os beneficios do último ano para o sector industrial foron abondosos.

Se é verdade que os prezos tenden á baixa en toda a Unión Europea, parece necesario que comecemos a tomarnos en serio a convocatoria dunha folga de entregas a nivel europeo. Traballar nese sentido toma visos de urxencia se non queremos que varran do sector outra morea de miles de explotacións que non queren irse, e que queren seguir gañando o seu pan cun emprego tan digno coma outro calquera.

“A industria quere acadar a súa competitividade á conta do salario dos gandeiros e gandeiras. Isto non se chama competitividade; máis ben é un xeito de escravitude máis propio de países empobrecidos. Ao mellor cómpre lembrar que máis do 50% dos gandeiros e gandeiras de Galiza non acadan o salario mínimo interprofesional”.

Temos que tomar cumprida nota das declaracións do xerente da Federación de Industrias Lácteas (Fenil), Luis Calabozo: “os gandeiros teñen que asumir que o prezo do leite ten que baixar”. Seica isto esto é imprescindible para manter a competitividade das

industrias lácteas. Ou sexa, que as industrias non teñen pensado conseguir a competitividade nin con produtos de máis valor engadido, nin conquistando o mercado copado por outros con produtos lácteos elaborados fóra do Estado Español, nin conseguindo que a gran distribución pague os seus produtos a un prezo decente. A súa competitividade queren conseguila á conta do salario dos gandeiros e gandeiras. Isto non se chama competitividade; máis ben é un xeito de escravitude máis propio de países empobrecidos.

Ao mellor cómpre lembrar que máis do 50% dos gandeiros e gandeiras de Galiza non acadan o salario mínimo interprofesional, dato que aparece en estatísticas comúns de cotío. ¿Ata onde queren baixar os nosos salarios?. ¿Pensan que imos traballar por soldos de 4 ou 5 euros diarios para que eles poidan enriquecerse á nosa conta?

Hai que deixar claras unhas cantas cousas: Non estamos dispost@s a traballar por salarios de miseria. Non levamos tantos anos facendo investimentos millonarios nas nosas explotacións, tal e como nos esixiron, para agora non poder amortizalos e, aínda por riba, ter que vivir con salarios de miseria. Os gandeiros e gandeiras loitaremos polo futuro das nosas explotacións e polo noso pan, xa que esa é a nosa responsabilidade.

A nosa mensaxe ten que ser tan clara e contundente coma a deles: o leite non pode baixar máis. Estamos dispostos a negociar diferencias estacionais, configuracións máis xustas dos prezos, outros criterios de pago de primas pero, a final de ano, o noso prezo medio anual ten que chegar para garantir a supervivencia das explotacións e para cobrarmos un salario digno, xa que de non ser así teremos que recorrer moitos e moitas ao abandono.

“Hai que deixar claras unhas cantas cousas: Non estamos dispost@s a traballar por salarios de miseria. Non levamos tantos anos facendo investimentos millonarios nas explotacións, tal e como nos esixiron, para agora non poder amortizalos e, aínda por riba, ter que vivir con salarios de miseria. Os gandeiros e gandeiras loitaremos polo futuro das nosas explotacións e polo noso pan, xa que esa é a nosa responsabilidade”.

Ponse en marcha o novo réxime da Seguridade Social para labregos e labregas

A caída da renda en todos os sectores agrarios imposibilita a moit@s asumir o incremento na cotización

En outubro de 2005, os ministerios de Agricultura e Traballo asinaron coas organizacións agrarias un acordo para simplificar a estrutura do sistema da Seguridade Social, establecer

un Sistema Especial Agrario dentro do Rexime Especial de Traballadores Autónomos, e incentivar a afiliación dos cotitulares de explotacións agrarias. O Sindicato Labrego par-

ticipou no proceso de negociación facendo as súas achegas a través da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). Velai as principais novidades.

A curto prazo, no presente 2006 e no 2007, a base de cotización do Réxime Agrario da Seguridade Social incrementarase de xeito progresivo ata que, no ano 2008, se iguale coa base de cotización do Réxime Especial de Traballadores Autónomos. Os labregos e labregas pasarán a estar encadrados dentro do sistema de cotización dos traballadores autónomos, pero aplicándolle un tipo do 18,75%, mentres que aos autónomos se lles aplicará un tipo do 29,80%.

Os labregos e labregas que viñesen cotizando polo Réxime Especial Agrario da Seguridade Social (RE-ASS) poderán optar ata o 28 de febreiro de 2006 entre continuar cotizando sobre a base do REASS, que para este ano se establece en 655 euros, ou pasar directamente a cotizar a partir do 1 de marzo de 2006 sobre unha base de 785,70 euros.

Aqueles labregos e labregas que se deron de alta pola agraria nos anos 2004 e 2005 pagando a base mínima, pasarán a cotizar directamente polo novo réxime tal como figura no cadro 2.

Os labregos e labregas que se dean de alta a partir do 1 de abril de 2006 poderán acollerse a unha redución do 30% durante tres anos, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- Ser menores de 40 anos.
- Que o seu cónxuxe sexa cotitular da explotación agraria e estea dado de alta no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social.

A cotización destes últimos quedaría como figura no cadro 3.

@s afiliad@s do SLG poden pasar a informarse de todo isto polo local máis próximo.

Réxime Especial Agrario da Seguridade Social Base de cotización de 655 euros

Tipo de cotización	18,75 %	122,81 euros
Continxencias profesionais	1,00 %	6,55 euros
Mellora voluntaria (dereito a baixa)	4,35 %	28,49 euros
Cotización sen dereito a baixa: 129'36 euros		
Cotización con dereito a baixa: 157'85 euros		

CADRO 1

Novo Réxime Agrario da Seguridade Social Base de cotización de 785,70 euros

Tipo de cotización	18,75 %	147,32 euros
Continxencias profesionais	1,00 %	7,86 euros
Mellora voluntaria (dereito a baixa)	4,35 %	34,18 euros
Cotización sen dereito a baixa: 155'18 euros		
Cotización con dereito a baixa: 189'36 euros		

CADRO 2

Réxime Agrario da Seguridade Social con redución Base de cotización de 785,70 euros

Tipo de cotización	18,75 %	147,32 euros	(-30%) 103,12 euros
Continxencias profesionais	1 %	7,86 euros	7,86 euros
Mellora voluntaria (dereito a baixa)	4,35 %	34,18 euros	34,18 euros
Cotización sen dereito a baixa: 110'98 euros			
Cotización con dereito a baixa: 145'16 euros			

CADRO 3

Marxinan ás mulleres de entre 40 e 50 anos

Para o SLG, este acordo mellora a reforma aprobada polo Goberno español cando gobernaba o PP. Permite un tratamento específico para os labregos e labregas reducindo o tipo, mellora as prestacións, e reconece as dificultades para a cotización dunha segunda persoa, que normalmente son as mulleres.

A pesares de todo isto, vai ter moi pouca aplicabilidade na Galiza, xa que o incremento da cotización é moi importante e isto, nunha dinámica de baixada ou estancamento de prezos en todas as producións e cunha situación de rendas moi baixas, vai facer que moi poucas persoas se incorporen, pois a cota que van ter que

pagar despois de descontado o 30% é a mesma cantidade que a que se pagaba no 2005. Ademais, hai un amplo abano de mulleres entre 40 e 50 anos que non están cotizando e non van ter ningún apoio. Mesmo poderían verse obrigadas a deixar de pagar outras que xa cotizan nestes momentos.

O SLG utilizará todos os medios posíbeis para evitar unha nova baixada do leite

O Sindicato Labrego tende a man ás outras organizacións para facer fronte común diante das industrias

Durante todo xaneiro, o SLG tivo unha actividade frenética diante da ameaza das industrias de baixar o prezo do leite. Nesta ocasión, e grazas ás xuntanzas promovidas pola Consellaría de

Medio Rural entre as empresas e as organizacións agrarias, acadouse unha pequena tregua: o compromiso de non baixar o leite no mes de xaneiro. O SLG tomou este anuncio con cautela, e

mantén sobre a mesa a reivindicación dun prezo digno para o leite que cubra os custes e o traballo de produción que non debe baixar, en ningún caso, dos 30 ou 33 céntimos por litro.

Nunha rolda de prensa realizada o pasado 21 de xaneiro, o Sindicato Labrego Galego anunciaba a postura a defender diante da Mesa do Leite prevista para o 25 dese mes. Na comparecencia ante os medios de comunicación, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, e o responsable dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, anunciaron que dende o sindicato se ía defender un prezo mínimo para o leite en orixe entre 30 e 33 céntimos, prezo ao que haberá que engadirle as primas de calidade ás que teña dereito cada explotación.

Respecto tamén do prezo, o SLG amosou o seu rexeitamento a que siga habendo primas de cantidade, pois considera inadmisíbel que o valor do leite varíe en función dos litros vendidos.

En caso de que as industrias non cheguen a ningún acordo co sector produtor, o Sindicato Labrego Galego comprometeuse a iniciar mobilizacións de xeito indefinido, poñendo todos os medios ao seu alcance para defender os intereses das explotacións.

Segundo Xabier Gómez Santiso "cómpre ter en conta que os custes de produción (pensos, cereais, gasóleo, abonos, etcétera) disparáronse nos últimos tempos polo que o sector non pode afrontar novas baixadas no prezo do leite, pois suporía vender por baixo deses custes".

De feito, moitas explotacións teñen agora unha marxe de beneficio por litro de leite que rolda os 3 céntimos, que é -máis ou menos- a cantidade que queren rebaixar as industrias. A isto, habería que sumar o problema engadido de que o meirande das explotacións leiteiras están



Senra e Santiso convocaron aos medios de comunicación para anunciar a postura do SLG

fortemente endebedadas por mor da compra de cota ou por melloras feitas nas súas

instalacións. Daquela, unha nova baixada de prezos suporía a ruína e o peche de

boa parte das poucas explotacións que aínda fican en activo.

A decisión das industrias non ten nada que ver co mercado

Outra das demandas que defendeu o SLG na mesa do leite foi a necesidade de legislar para que no sector haxa máis transparencia. Hoxe en día, cando un labrego ou unha labrega vende o seu leite, non sabe canto vai cobrar, e descoñece cales serán os seus ingresos durante o ano.

Santiso tamén aclarou que a baixada de prezos do leite non responde á situación do mercado, xa que moitas industrias recoñeceran que, nestes intreos, hai máis demanda que oferta polo que, en teoría, o valor debería subir en vez de baixar. Polo tanto "trátase dunha decisión unilateral por parte da industria que nada ten que ver co mercado".

Unha demanda básica ante a industria e os outros sindicatos: prezos dignos

Finalmente, na Mesa do Leite do 25 de xaneiro non se chegou a ningún acordo, o que obrigou a que a Consellaría de Medio Rural mantivese novos contactos bilaterais con industrias e sindicatos. Os últimos destes encontros, cando se pechaba o presente Fouce, aconteceron o 31 de xaneiro e o 1 de febreiro.

Foi despois destas xuntanzas, precisamente, cando Medio Rural anunciou o compromiso das industrias de non baixar o leite en xaneiro, quedando pendentes novos encontros nos que o SLG seguirá a defender un prezo digno que cubra os custes e o traballo de produción.

Eses días, entre negociación e negociación, a Executiva do Sindicato Labrego, primeiro, e a Dirección do Leite, despois, decidían tender unha man ás outras organizacións agrarias para tentar chegar a acordos que permitan a unidade sindical á hora de reivindicar prezos xustos para o leite.

Neste senso, o SLG amosouse disposto a chegar a acordos cos outros dous sindicatos agrarios á hora de mobilizarse diante das industrias e organizar manifestacións. En caso extremo, e se a situación o require, o SLG anunciou a posibilidade de convocar tractoradas de protesta.



A Mesa do Leite do 25 de xaneiro saldouse cunha falla de acordo inicial; despois, acordárase non baixar en xaneiro

España pasa a formar parte dos países megaprodutores de transxénicos

No 2005, o Goberno Zapatero permitiu a plantación de 80.000 hectáreas de millo manipulado e sen regular

O Estado Español segue á cabeza da Unión Europea no cultivo de variedades agrícolas manipuladas xeneticamente, cunha cifra que abanea entre as 70 e as 80.000 hectáreas de millo no

2005. Este volume produtivo valeulle o triste mérito de entrar na lista de países "megaprodutores" de transxénicos elaborada polo Servizo Internacional para a Adquisición de Aplicacións

Agrobiotecnolóxicas (ISAAA). Aínda que cómpre tomar con pinzas os datos publicados por este dubidoso organismo, está claro que o PSOE tomou o relevo do PP na política sobre OXMs.

O Ministerio de Agricultura segue a demostrar que a súa intención é dar continuidade á política temeraria iniciada polo PP en cuestión de transxénicos. Así, no último informe do ISAAA, España figura no posto 14 do podio mundial de produtores de cultivos manipulados, cunha superficie estimada entre as 70 e as 80.000 hectáreas de millo modificado xeneticamente. Ao pasar de 50.000 hectáreas, o ISAAA define a España como país megaprodutor. Este triste récord veuse minguido por mor da seca, que reduciu a colleita a 48.000 hectáreas.

O máis grave é que estas cifras se están a dar sen que estea aínda regulado o sector, sen que haxa normas que minguén a posibilidade de contaminación ou que fixen indemnizacións para aquelas explotacións contaminadas.

Para o SLG, a única política axeitada en cuestión de transxénicos é a tolerancia cero, é dicir, a súa prohibición. Neste senso, cómpre lembrar que 165 rexións europeas opóñense a este tipo de cultivos no seu territorio, e que o 70% dos consumidores da UE non quere estes produtos na súa mesa.

Críticas ao informe do ISAAA

Xunto a España, os outros países produtores de transxénicos, de maior a menor segundo a superficie dedicada, son: Estados Unidos, Arxentina, Brasil, Canadá, China, Paraguai, India, Sudáfrica, Uruguai, Australia, México, Romanía, Filipinas, Colombia, Irán, Honduras, Portugal, Alemaña e República Checa.

Diversas organizacións internacionais tacharon o informe do ISAAA de



Labreg@s autriac@s colocando os carteis de "zonas libres de OXMs" nas súas fincas

"pouco fiábel", debido aos vínculos desta organización con multinacionais da manipulación xenética como

Monsanto e Syngenta. Segundo Amigos da Terra, "os informes do ISAAA non representan a realidade dos

cultivos OXM", xa que as súas estimacións son, de cotío, sobrevaloradas e contrarias ás estatísticas oficiais.

Austria dá azos á loita contra os OXMs ao acadar a presidencia da Unión Europea

Austria, que presidirá a Unión Europea ata o 30 de xuño, quere poñer orde na cuestión dos OXMs. O Ministro de Agricultura austríaco, Josef Pröll, declarou que "ninguén debería obrigar a outros países a abrir os seus mercados aos transxénicos", facendo referencia ás accións da Comisión Europea contra varios landers austríacos que prohibiron os transxénicos no seu territorio.

A prohibición máis recente foi a da colza transxénica GT 73 de Monsanto a partir do 23 de xaneiro en toda Austria, autorizada na Unión Europea en agosto. Na actualidade, 7 países, 172 rexións e 4.500 autoridades locais prohiben os OXMs en Europa.

A Comisión volve autorizar novos OXMs e ataca aos países que non os queren

Unha vez máis, a Comisión Europea volveu amosar a súa intransixencia á hora de impoñer os cultivos manipulados xeneticamente de xeito unilateral. Así, o 10 de xaneiro, a Comisión declaraba ilegal o embargo grego cara ao millo transxénico MON 810, de Monsanto. Grecia sumárase, en abril de 2005, á posición de Austria, Polonia e Hungría de prohibir temporalmente a comercialización de sementes desta variedade nos anos 2005 e 2006. O motivo da prohibición era evitar o risco de que aparecesen resistencias e efectos prexudiciais para o medio ambiente e para a economía labrega.

A Comisión tomou esta decisión despois de que os ministros de agricultura da Unión Europea non acadaran maioría cualificada nin

para oporse á actitude grega, nin para apoiala.

Asemade, a Comisión tamén aprobou de xeito unilateral a comercialización na Unión Europea de tres novas variedades de millo transxénico, dúas para consumo humano (GA 21 e MON 863), e unha terceira para a importación e fabricación de pensos. Estas tres variedades de millo poderán ser comercializadas por Monsanto durante a vindeira década pero, curiosamente, ningunha delas poderá cultivarse nos países da Unión Europea. Coma noutras ocasións anteriores, nesta tampouco houbo unha maioría de países a favor da comercialización destas variedades, polo que os membros da Comisión tomaron de novo a súa decisión de xeito dictatorial e ás costas

da cidadanía.

Finalmente, a nova Alemaña presidida pola dereita de Ánxela Merkel vén de dar unha viraxe ao rematar coa política de precaución que, ata o de agora, se levaba a cabo no país xermano en cuestión de transxénicos.

Agora mesmo, a Oficina Federal Alemana de variedades (Bundesortemamt) autorizou o cultivo con fins comerciais de tres variedades de millo manipulado producidas por Monsanto e Pioneer Hi-Bred. O novo Ministro de Agricultura, Horst Seehofer, xa amosou a súa intención de revisar a política de precaución do anterior goberno en materia de transxénicos.

En Francia, presentárase o 8 de febreiro un proxecto de lei para regular os organismos manipulados.

A CPE pide reformular a Política Agraria Común no 2008 en clave solidaria

A Coordinadora Labrega Europea oporase á eliminación da PAC que a Comisión pretende perpetrar no 2013

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) vén de facer balance da loita en Hong Kong contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) e das consecuencias que terán as decisións ali tomadas. Diante da intención da Comisión Europea de rematar coas axudas á exportación no 2013, ou por fin á Política Agraria Común (PAC), a CPE advirte de que eses subsidios se poden disfrazar, e de que Europa necesita regular e protexer a súa agricultura con criterios de solidariedade e desenvolvemento rural en troques de abandonala á lei do mercado.

Para a CPE, despois da batalla librada en Hong Kong contra a OMC, queda por diante o reto de loitar contra as presións do neoliberalismo -a través dos seus poderes económicos, políticos, asociativos e mediáticos- para facer desaparecer a Política Agraria Común (PAC) no ano 2013. Esta foi, precisamente, a data marcada para rematar cos subsidios agrícolas á exportación na Unión Europea.

En troques de rematar coa política agraria europea, a CPE defenderá unha PAC máis solidaria, diametralmente oposta á actual "sen lexitimidade e cunha disparidade moi grande nos apoios agrícolas". Segundo a CPE, "está claro que se en Europa queremos seguir mantendo unha produción agrícola, necesitaremos unha política agraria europea. En caso contrario, serán Brasil e outros países quen acaben producindo a base da nosa alimentación".

A proposta concreta da CPE é que no ano 2008, cando se celebrará un cumio europeo para recon-



Protestas contra a OMC en Hong Kong: dúas nenas chinesas amosan o seu número de traballadoras en fábricas textís e de xoguetes, e denuncian xornadas laborais de entre 15 e 17 horas

siderar os orzamentos comunitarios, se refunda a PAC a partir dun debate clarificado sobre os prezos, o apoio agrícola, o control da produción e o comercio internacional.

En canto ás concesións que a Comisión Europea reali-

zou en Hong Kong, a CPE dubida da credibilidade de que a UE poña fin ás subvencións ás exportacións no 2013, pois "xa utilizou tres reformas da PAC para transformar os seus subsidios á exportación en axudas directas agachadas cada vez máis

na caixa verde da OMC". Neste senso, a Coordinadora advirte que "unha diminución xeneralizada das tarifas alfandegueiras arruinaría a capacidade da grande maioría dos labregos e labregas do Sur e do Norte de resistir diante das im-

portacións a baixo prezo. Mataría a posibilidade de trocar a PAC nunha boa dirección".

Neoliberalismo: Máis fame e pobreza

A apertura das fronteiras comerciais só pode traer unha vaga de miseria de pobreza en todo o planeta, xa que "producir o máis barato posíbel no mundo, con 2 ou 3 euros de salario por un día de traballo, non pode ser considerado competitividade, senón escravitude".

Finalmente, a CPE lanzou unha mensaxe de ánimo para seguir loitando despois de Hong Kong, onde "milleiros de persoas manifestáronse para expresar o desamparo e a determinación de máis de mil millóns de labregos e labregas diante destas negociacións, que pretendían facelos desaparecer. Todos e todas negámonos a ser substituídos por grandes plantacións e ganderías industriais que producen a baixo prezo para a exportación, e que non responden aos problemas da fame nin da ecoloxía".

A mediados de xaneiro, o Ministerio de Agricultura de Portugal anunciaba o sacrificio de 52.000 polos nunha explotación avícola por terse detectado na súa carne unha cantidade de dioxinas por riba da permitida. Afortunadamente, a contaminación detectouse antes de que saíse ningún polo da granxa.

Asemade, o italiano Francesco Casillo, dono da maior empresa de sémola europea, foi detido por permitir a entrada na cadea alimentaria de 45.000 toneladas de trigo duro que tiñan un nivel de ocratoxinas superior ao permitido.

Esas 45.000 toneladas contaminadas foron detectadas

a tempo e inmovilizadas polas autoridades no porto de Bari. Así e todo, o empresario Casillo, propietario do cargamento, obtivo permiso para libralas, comprometéndose a dedicala a usos non alimentarios. Mais, lonxe de respectar o compromiso, Casillo mesturou o trigo contaminado con outro cun menor nivel de toxinas para facer partidas dentro dos límites legais e fabricando sémola.

Esta última nova creou

grande alarma, xa que Italia é o primeiro fabricante mundial de pasta. As ocratoxinas son substancias tóxicas naturais que se producen nos grans ante a presenza de determinados fungos que as producen. En doses elevadas, poden presentar toxicidade aguda e efectos canceríxenos.

Finalmente, as autoridades holandesas detectaron en xaneiro que nunha fábrica de alimentos compostos superaran os límites de dioxi-

nas. A orixe da contaminación era a graxa de porco utilizada na fabricación destes alimentos, que subministraba a empresa belga Profat. Investigacións posteriores da Axencia Belga de Seguridade Alimentaria acharon que as toxinas chegaran xa ás fábricas de Klaasens & Co (alimentos para aves), Scharrens (alimentos para porcos) e Bouman (alimentos para animais).

Este caso de contaminación

alimentaria obrigou a poñer en corentena a unhas 400 granxas de polos e porcos en Bélxica, 275 en Holanda, e unhas sete en Alemaña. No intre de pechar este Fouce, aínda estaban a investigar se os alimentos contaminados puideron chegar a persoas.

Medra o rexeitamento contra a Coca Cola

A Universidade de Michigan vén de prohibir a venda de Coca Cola en todas as súas dependencias e sedes. O motivo foi a denuncia dunha organización estudiantil na que vinculan a esta multinacional con grupos paramilitares colombianos que reprimen aos sindicatos.

Italia, Bélxica e Portugal viven novos escándalos alimentarios

Tareixa García Ferradal, afiliada do SLG e viticultora na Denominación de Orixe Ribeira Sacra

“Antes da Mesa do Viño, na Ribeira Sacra collían a uva sen mirarlle a calidade”

Cunha explotación en pleno crecemento, Tareixa García Ferradal soña con poder ter algún día unha adega propia. Polo de agora, traballa cinco hectáreas de viñado con dúas partes

ben diferenciadas: a vella, onde ten Godello, Mencía e Garnacha; e a nova, construída do trínque en socalcos nas abas dun monte ben orientado ao sur. As ovellas, os cabalos e os inver-

nadoiros completan a dedicación de Tareixa á agricultura na parroquia de Hospital, en Quiroga. Así e todo, sacou tempo para participar na última Mesa do Viño da Ribeira Sacra.

■ Como foi a última vendima na Ribeira Sacra?

Houbo algún problema de recollida, polo que sei, debido a termos unha boa colleita de boa calidade, favorecida pola escaseza de choivas. Isto fixo que houbese moita uva de gradación alta, polo que as adegas se ateigaron e algunha viña quedou sen recoller. Este ano hai viños brancos de 12'5º, o que non é moi normal.

■ E os prezos?

Non houbo queixa: entre 1 e 1'10 euros para a uva Mencía. Aquí sempre tivemos bos prezos. Antes pagábase a 100 pesetas o quilo, que era moito, mentres que na veciña Valdeorras se cotizaba a mesma uva a 25 e 50 pesetas, e levaba os dez pesos a de maior calidade.

■ Con tan bos prezos non semella que esteamos en Galiza. Como son as relacións coas adegas?

Son boas. Creo que a Ribeira Sacra é a denomi-



Tareixa García ampliou recentemente os seus viñedos con variedade de uva Mencía

nación de orixe galega na que menos problemas hai no que se refire á relación entre adegas e viticultores. Así o constatee na mesa do viño, na que participei en representación do SLG xunto a Xosé Manuel González Vilas, o responsábel do sector.

Haber hai problemas, pero

non se poden comparar con outras denominacións. Eu, por exemplo, son de Valdeorras, e sei que alí hai moito Godello do ano pasado que aínda non se vendeu, o cal fai moi problemático sacar a colleita deste ano. Pola contra, en Ribeira Sacra estase sacando bastante ben.

■ Notouse en algo a Mesa do Viño da Ribeira Sacra? Houbo diferencias con respecto a vendimas pasadas?

Eu penso que si. Aquí na Ribeira Sacra, antes de sentarnos a falar, había moitas adegas que collían a uva sen mirar a calidade. Este ano, por primeira vez, marcouse

un valor segundo a gradación da uva. Non é o mesmo coller unha uva de 11º ou 12º, que coller unha de 9º, pois esta última case che estraga o viño.

En resume, antes da Mesa do Viño collíase toda a uva sen distinción. Este ano tamén se colleu, pero pagaron máis a uva de máis grao e menos a outra.

■ Seguindo coa Mesa do Viño, cales cre que deben ser os temas principais en vindeiras xuntanzas?

Penso que o prezo e a recollida da uva. Temos que acadar que as adegas se comprometan a recoller toda a uva a un prezo razoábel, segundo a gradación, cun valor mínimo de base.

■ Aínda que teñen mellor situación que outras denominacións, algunha necesidade haberá...

Eu creo que a promoción do viño. Estase a promover, pero non tanto nin tan ben como se debería. Ribeira Sacra empeza agora a destacar un pouco, pero está moi necesitada de promoción. Ás veces é mellor investir algo máis en publicidade que, se cadra, noutras cousas non tan útiles, como xa están a facer noutras denominacións de orixe galegas.

■ Que pensa que debe facer Medio Rural para solucionar este problema?

Pois dar axudas para facer esa promoción da que che falaba. Deberíamos asistir a máis feiras do viño -nacionais, estatais e internacionais-. Cun pouco de promoción, Ribeira Sacra non ía ter problema para sacar todos os seus viños, pois non produce cantidades desorbitadas como, por exemplo, Valdeorras. Aquí non temos tanta cantidade, pero si moi boa calidade, e normalmente vendemos case todo o viño que producimos.

“Estamos a perder moitas producións agrarias por falla de incentivos e axudas”

■ Recentemente, a prensa publicaba a nova de que a xestora do Leader da Ribeira Sacra non sabía en que gastar os cartos. Vostede que faría con ese diñeiro?

Eses cartos investiríalos en reestruturar todo o viñado da Ribeira Sacra. Financiaría a replantación de cepas, dedicando cada zona ás variedades que máis lle acaesen. En Quiroga, por exemplo, temos un microclima privilexiado pero con grandes diferencias dun lugar a outro. Nas zonas de moito sol introduciría Tempranillo que, aínda que é unha variedade non autorizada agora mesmo, sería moi boa para mesturar coa Mencía, xa que esta última non ten corpo.

Outro eido no que se poden investir os cartos é na produción de castaña,

hoxe practicamente perdida. Tamén, grazas ao microclima que temos, Quiroga sería unha zona ideal para a produción de flor.

Esta sempre foi unha zona agrícola moi rica, e hoxe estanse perdendo todas as producións por falla de incentivos e axudas. En resume, que eu sabería moi ben onde meter os cartos, e de seguro que a pouco chegaban.

■ Cal é o camiño correcto: calidade ou cantidade?

Calidade. Nós, por exemplo, facemos vendima en verde, quitámoslle moita uva á cepa antes de que veña a maduro. Neste senso, a xente desta denominación de orixe está aprendendo moito, xa que antes se producían cantidades desorbitadas de uva, pero dunha calidade malísima.

Cada vez se está collendo máis conciencia disto. A xente maior sóuboo de toda a vida: contra menos uvas che dea unha cepa, maior calidade van ter. Pero como antes che viñan coller a uva as viñas, a xente optou pola cantidade en troques da calidade. Pero agora teñen que recuar, pois se as uvas non teñen calidade xa non chas collen.

■ Daquela, o camiño do CR debe ser unha aposta pola calidade.

Dende logo que si, e así o está a facer. Eu creo que o consello regulador está indo bastante ben. Temos un presidente bastante válido e está a facer unha boa xestión. Fáltalle, quizais, o pulo da promoción, pero na medida das posibilidades que teñen están a facelo ben.

O SLG realizará mobilizacións se as adegas non cumpren os acordos das mesas do viño

En vindeiras xuntanzas, o Sindicato Labrego seguirá reivindicando contratos homologados para toda Galiza

A Dirección do Viño do SLG reuniuse o pasado 28 de xaneiro en Ribadavia cun bo feixe de temas para o debate: a estratexia a seguir nas vindeiras mesas do viño, a análise do cumpro

mento dos acordos nas diversas denominacións de orixe, ou a reivindicación de determinadas accións de goberno para o sector diante da Consellaría de Medio Rural. Estas e outras

cuestións ocuparon máis de catro horas aos asistentes. Nestes intreos, vívese no sector unha situación de espera ata saber se as adegas cumpren ou non os acordos das mesas do viño.

En principio, a Dirección do Viño reuniuse para definir a estratexia do Sindicato Labrego Galego de cara ás vindeiras xuntanzas das mesas do viño. Dende este punto de vista, o SLG seguirá demandando a creación de contratos homologados en todas as denominacións de orixe que garantan un prezo mínimo de base para as diversas castes de uva. Ademais, tamén defenderá que calquera contraprestación en forma de axudas ás adegas industriais só se dea a cambio de que realicen este tipo de contratos e acaden compromisos.

En caso de non chegar a acordos, o SLG está disposto a realizar mobilizacións contundentes para defender os intereses das explotacións vitivinícolas do país. A curto prazo, segundo o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, as zonas máis problemáticas neste intre son Rías Baixas e o Ribeiro, pero vaise esixir o mesmo nas outras denominacións de orixe.

A Dirección do Viño do SLG tamén acordou apostar decididamente pola calidade, recoñecendo que non se pode mercar a uva sen máis, e que as industrias que demanden calidade teñen dereito a esixila e a deixar constancia diso nos contratos.

Outra das cuestións importantes foi o debate sobre que criterios demandar para que sexan contemplados pola Consellaría de Medio Rural en futuros plans de reestruturación do viñado. Para a Dirección do Viño do SLG, é importante que a Xunta, á hora de conceder axudas á reestruturación, comece a poñer límites nas plantacións levadas a cabo



A Dirección do Viño do SLG acordou novas mobilizacións se non se cumpren os acordos

en montes comunais, e non subvencione máis de dúas hectáreas por solicitante e ano. Deste xeito, favorecerase a agricultores e agricultoras a título principal.

Tamén se chegou ao acordo de pedirlle á Consellaría

que inicie unha forte campaña de promoción a favor dos viños galegos. Xa de maneira máis transversal, e afectando a toda a Xunta, o SLG pedirá que, en calquera acto público no que se sirvan viños, se utilicen en exclusi-

va caldos das denominacións de orixe galegas.

A renovación dos consellos reguladores

O tema máis polémico da Dirección do Viño foi a renovación dos consellos regu-

ladores. No debate, houbo dúas posturas: unha que apostaba pola disolución inmediata dos consellos e a convocatoria de seguido de eleccións; e outra que avogou por agardar a finais da primavera para dar tempo a que se convoque o proceso electoral para poder cesar e elixir de maneira democrática a composición dos novos consellos reguladores. Aínda que a posición que gañou, por pouco, foi esta última, será a Executiva do SLG quen teña a última palabra.

Asemade, o SLG vai iniciar unha campaña de debates en todas as comarcas para definir as posturas, criterios e propostas para resolver este proceso de renovación dos consellos reguladores mediante a Lei de Calidade Agroalimentaria, que será unha das primeiras cuestións coas que traballe o futuro Consello Agrario Galego. Finalmente, en marzo convocarase unha nova Dirección do Viño.

O Ribeiro e Rías Baixas seguen sendo as DO máis problemáticas

O SLG está pendente de que chegue a resposta das adegas do Ribeiro á proposta de acordo que se lles achegou na última mesa do viño. De non responder nun prazo razoábel, que en principio debería ser neste mes de febreiro, haberá mobilizacións.

O Sindicato Labrego mantense á expectativa e con preocupación, confiando en que o proceso negociador fructifique cun acordo a raíz da última Mesa do Viño. En declaracións de Vilas: "Entendemos que este proceso negociador

non pode ser eterno e, de sospeitar que as adegas están a xogar con nós, prepararemos unha axenda de mobilizacións. Polo de agora, estamos agardando por ese acordo e, dende logo, non imos tolerar baixadas no prezo da uva, nin impagos, como está a acontecer no Ribeiro".

As últimas mesas do viño do Ribeiro celebráronse o 28 de novembro e o 15 de decembro. Os acordos iniciais foron prezos de 51 céntimos para a uva Xerez, e valores que abalan entre 1'08 e 1'25 euros para a uva



Xurxo Álvarez, responsábel da Dirección de Viño, coordinou xunto a Xosé Manuel González Vilas o encontro

de caste, agás a Torrontés, que se acordou pagar a 84 céntimos.

En canto a Rías Baixas, o SLG xa convocara mobilizacións en El Corte Inglés de Vigo, o pasado 23 de decembro, para denunciar a actitude de certas adegas importantes. Negociacións

de última hora fixeron que non se denunciase o nome destas adegas, á espera de que acepten chegar a acordos en materia de prezos. Neste senso, o Sindicato Labrego seguirá a defender un prezo mínimo para a uva Albariño de 1'20 euros, IVE aparte.

Contaminación transxénica para a agricultura ecolóxica europea

A modificación do regulamento comunitario tamén pretende apostar polas certificadoras privadas

O Regulamento Europeo de Agricultura Ecolóxica vai ser modificado. Neste Fouce recollemos os puntos máis salientábeis da xa elaborada proposta de modificación. Entre as novidades atópanse algunhas como a posi-

bilidade de etiquetar como ecolóxico un produto que conteña menos do 0'9% de transxénicos, ou a creación de certificadoras privadas. Entrará en vigor en 2009, polo que o debate para melloralo será fundamental.


O novo regulamento inclúe o concepto de "flexibilidade", que permitirá á autoridade competente adaptar as normas europeas ás distintas rexións en función dunha serie de criterios que o xustifiquen. Basicamente, a proposta crea a posibilidade de transformar a actual multitude de excepcións nun sistema xeral pero regulamentado.

Tamén se amplían os principios da agricultura ecolóxica, cun maior desenvolvemento do concepto de sustentabilidade e benestar animal. Tamén se amplía a normativa de apicultura ecolóxica. Os obxectivos de sustentabilidade son maiores na proposta que no actual Regulamento; as normas detalladas de produción que concretarán en prácticas agrícolas estes principios estableceranse en posteriores Regulamentos da Comisión.

A acuicultura entrará no ámbito do regulamento cunha serie de condicións "ecolóxicas" (pensos ecolóxicos, etcétera). En espera de normas comunitarias de produción acuícola ecolóxica, os estados membros poderán elaborar normas ou recoñecer normativas privadas. Tamén se incluírán normas técnicas para facer viño e para os produtos agrícolas procesados con destino ao consumo humano u animal.

Esta proposta de regulamento tamén considera que, nalgúns casos, pode parecer desproporcionado aplicar requisitos de notificación e control a determinados tipos de operadores ao por menor, polo que se contempla a posibilidade de permitir aos estados membros eximir a estes operadores deses requisitos.

Este regulamento pre-



A acuicultura ecolóxica será unha actividade que estará regulada pola nova normativa

tende fomentar un "concepto único" de produto ecolóxico, polo que se prohíbe que mencionen nos produtos "un nivel ecolóxico mellor, máis estrito ou superior". Tamén se ocupa moito do tema da importación, de como etiquetar en Europa os produtos importados, como certificar o que se vai producir fóra de Europa, etcétera.

Ata o de agora había unha lista de produtos usados co-

mo ingredientes que se consideraban difíciles de atopar en ecolóxico, polo que se permitía o etiquetado de produtos como ecolóxicos a pesares de ter só un 70% dos seus ingredientes obtidos con métodos de produción ecolóxica. Agora, os ingredientes ecolóxicos terán que ascender como mínimo a un 95% para que o produto se etiquete como tal.

Finalmente, os criterios sociais e de mercado seguirán

ausentes no novo Regulamento de Producción Ecolóxica.

Este novo regulamento entrará en vigor no ano 2009, xa que a proposta non retoma as normas técnicas actualmente establecidas nos anexos do Regulamento 2092/91, polo que é necesario un prazo que permita a reelaboración das normas detalladas, é dicir, que aínda estamos no comezo do proceso de modificación.

Queren permitir a presenza oculta de OXMs se non pasan do 0'9%

No tema dos transxénicos, como ata de agora, o uso deliberado de organismos manipulados (OXMs) está prohibido, excepto nos medicamentos veterinarios, polo que non se permite etiquetar como ecolóxico un produto que conteña OXMs, sexa puramente transxénico ou producido a partir de OXMs. Pero a normativa de etiquetado de transxénicos exixe de etiquetar os produtos que teñan menos do 0'9% de OXMs; este límite é o mesmo para os produtos ecolóxicos que para os convencionais, polo que si se poderán etiquetar produtos como ecolóxicos que teñan menos do 0'9% de organismos manipulados. Non se descarta establecer límites específicos de OXMs para as sementes ecolóxicas.

En canto á certificación, no propio regu-

lamento se recoñece como unha das principais finalidades desta modificación "reducir os atrancos para o mercado interno debido á multiplicidade de certificacións públicas e privadas. Os instrumentos son a integración de organismos de control privados no réxime de control, unha competencia san entre estes organismos, e o recoñecemento das decisións de certificación previas sobre normas equivalentes". Non se sabe en que medida vai afectar isto á certificación pública, xa que están por elaborar as normas detalladas relativas ao réxime de control e á delegación de tarefas en organismos de control privados. Tamén establece disposicións para que os honorarios correspondentes ás tarefas de control e certificación sexan "razoábeis".

Un novo decreto pon fin á fraude que se estaba a facer cos falsos produtos "bio"

Xa está publicado o Real Decreto que prohibe os falsos bio. Os termos "ecolóxico", "biolóxico", e os seus derivados, quedan, a partir deste decreto, limitados á produción ecolóxica. Esta nova norma vai apoiar agora cunha campaña de información moi directa e rápida con folletos para distribuír nos establecementos sobre a recuperación das denominacións BIO e ECO para o sector ecolóxico.

Permiten seguir usando vitaminas sintéticas co gando ecolóxico

Perpetúase o uso de vitaminas sintéticas en gandería ecolóxica sen data límite para a súa eliminación. O prazo límite fixado ata o de agora chegaba a finais do 2005. Isto acontece nun intre no que se tiña intención de deixar de empregar as vitaminas sintéticas en gandería ecolóxica. Pola contra, con esta normativa dáselle xusto pulo ao contrario, argumentando que, en caso de prohibir as vitaminas sintéticas, habería rexións onde non se podería facer gandería ecolóxica. Polo tanto, todas as vitaminas para as aves e porcino, e as vitaminas A, D máis E destinadas a ruminantes, poderanse seguir empregando.

O Ministerio de Agricultura prepara un plan de actuacións no sector ecolóxico

Tomando como referencia as conclusións das Xornadas de Reflexión e Debate sobre a Agricultura Ecolóxica de abril de 2005, o Ministerio de Agricultura estableceu un Plan de actuacións con medidas concretas para cada unha das propostas, con calendario de execución. Por exemplo, farase outro borrador de coexistencia, e haberá unha campaña de promoción de agricultura ecolóxica.

Facenda quítalle ás labregas as axudas por fill@s menores de 3 anos

O Sindicato Labrego Galego denunciou o problema ante a Secretaría de Estado para a Igualdade

O Goberno Zapatero segue na súa teima de marxinar ás labregas ao reclamarlles a paga mensual de 100 euros que lles corresponde como mulleres traballadoras por ter ao seu coidado fillos menores de tres anos. Diante

disto, e despois de ter presentado varios recursos, o SLG enviou un informe á Secretaría de Estado para a Igualdade, e aos ministerios de Traballo e de Economía, para denunciar esta problemática.

Con este informe, a Secretaría das Mulleres do SLG pretende chamar a atención sobre o problema de moitas labregas que, aínda que traballan na explotación, non son titulares da mesma por estar a nome do cónxuxe. Con todo, elas cotizan á como calquera outra traba-

lladora e cumpren todos os requisitos esixidos polo Goberno.

O caso é que as mulleres afectadas, ao facer a declaración da renda, atópanse con que Facenda lles esixe a devolución do diñeiro da axuda. O paradoxal é que seguen cobran-

do uns cartos que, despois, deben devolver.

Nunha rolda de prensa celebrada do 6 de xaneiro, a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba relacionaba este problema co feito de que non se lles permita a moitas mulleres ser cotitulares da

explotación. En palabras da Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, "hai moitas mulleres do agro que traballan na explotación tanto coma o home, pero despois negánselle dereitos en base a unha lexislación profundamente inxusta".

As primas de incorporación para cónxuxes cumpren cunha demanda do SLG

As mulleres e os homes menores de 40 anos que se integren na explotación familiar na que é titular o/a cónxuxe, poderán acceder por primeira vez ás primas de incorporación. Esta é unha vella reivindicación da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego posto que, ata o de agora, a Administración negáballes ás mulleres que se incorporaban nunha explotación da que xa fose titular o marido a posibilidade de acceder a estas axudas.

Esta é unha ocasión moi importante para financiar melloras na explotación e tamén unha posibilidade para constituír unha entidade xurídica na que os dous cónxuxes figuren en pé de igualdade como cotitulares.

As axudas deste ano van dende un mínimo de 20.000 euros, cando o que se incorpora é un home e non habita en zona de montaña; ata un máximo de 25.000 euros, cando se incorpora unha muller, en zona de montaña e, ademais, crea un posto de traballo a maiores. Estas axudas son compatibles coa petición dun préstamo bonificado, que poderá chegar a un 90% do total do investimento; os xuros que se pagarán serán, en todos os casos, do 0%. A maiores existe tamén a posibilidade de que a entidade xurídica poida solicitar un plano de mellora, se isto fora de interese.

É moi importante saber que a esta axuda tamén poderán acceder as mulleres e os homes que xa están cotizando á Seguridade Social sen ser titulares, dado que a Administración non os considera incorporados se non están dados de alta na Axencia Tributaria como perceptores de rendas agrarias

O requisito fundamental é que se constituía unha sociedade na que se incorpore tamén como cotitular o cónxuxe ou a cónxuxe; por iso, as persoas que esteades interesadas debedes acudir o antes posible ao local do SLG da vosa comarca, dado que hai que facer varios trámites que levan tempo.

María dos Remedios Barreiro,
Gandeira de San Adrián (Lourenzá)



“Cotizo por conta propia e teño dereito a cobrar esa axuda”

Aínda que cen euros ao mes non son moito, "queiras ou non, nótase. Era un diñeiro que contabamos con el". A María dos Remedios aprobáranlle a axuda pero, para a súa sorpresa, cando xa levaba un tempo cobrando "chegounos unha carta de Facenda que nos comunicaba que na declaración da renda non nos devolvían nada como correspondía e, por riba, tiñamos que pagar máis de 300 euros".

A pesares diso "seguen enviándonos os cartos cada mes. Se despois temos que devolvelos, non entendo nada".

Ademais do seu fillo Roberto, María dos Remedios tamén ten que coidar dunha persoa maior "pola que non fomos a ningures a pedir nada; pero polo neno contaba con eses cartos".

Ademais, quéixase de que para poder recibir a axuda por ter un fillo menor de tres anos ao cargo "había que estar por conta propia ou allea, e eu estou por conta propia, polo que teño dereito a cobrar esa axuda sen que ma quiten".

Rosa Carme Valdés Fernández,
Gandeira de Arante (Ribadeo)



“¿Que diferencia hai entre o meu traballo e o doutra muller?”

"Non é que supuxese moitos cartos, pero paréceme inxusto", comentounos Rosa, que afirmou sentirse "discriminada" como gandeira que é, pois "¿que diferencia hai entre o meu traballo e o dunha muller que traballa nunha empresa ou nunha tenda? Para a declaración da renda coñécente: en caso de que o meu marido non pagase, había ter que pagar eu".

Para Rosa "este problema é un máis que vén a demostrar que a actividade agraria está moi desprestixiada, coma se os cartos que saen dela non servisen".

Polo de agora ten unha nena ao seu coidado, pero na casa viven tamén os sogros e "se algún día se poñen enfermos, non sei quen os vai coidar. Eu xa non pido ter días libres; só que alguén che poida substituír se tes unha baixa, e por aquí non hai servizos de substitución".

Finalmente, Rosa pediu que "cando aproben leis, que sexan máis concretos e digan que só son para determinada xente e para outra non, que non nos anden enganando".

María Xosé Trinidad Parga
Gandeira de Xerbolés (Pol)



“Se me corresponden eses cartos, ¿porque agora mos quitan?”

María Xosé resumiu axiña a súa situación: "Son gandeira, ama de casa, teño dúas persoas maiores ao meu coidado -unha delas encamada-, e atópome con que non teño dereito a ningún tipo de axuda a pesares de estar cotizando".

Cando Facenda lle pediu que se devolvese os cartos da axuda pola nena, a primeira reacción foi de "asombro", xa que "se a min me corresponden eses cartos, ¿por que agora mos quitan? Se eses cartos llos dan a traballadoras con fillos menores de tres anos, teño dereito a eles. Síntome discriminada e indignada".

María Xosé tamén se amosa es-trañada, pois "se non cotizase, tería dereito a unha axuda por coidar dos meus sogros. Polo feito de traballar na explotación, necesito máis esa axuda ca quen non non traballe".

Xa cunha visión máis xeral, María Xosé explicou que "alén da problemática como muller, está a de ser labrega, e aí homes e mulleres queremos prezos dignos ou, simplemente, saber canto imos cobrar polo noso traballo no inicio da campaña".

O prazo para solicitar plans de mellora continuará aberto ata o 3 de marzo

@s moz@s que se instalen por falecemento ou cese anticipado d@ titular poderán pedir ata o 30 de novembro

Os plans de mellora poderán beneficiar ás explotacións agrarias en xeral, agás ás da liña P e da liña R; á primeira instalación de agricultores mozos en explotacións agrarias (liña A); e plans de mellora considerados no Programa Operativo Integrado de Galiza para explotacións cuxa actividade produtiva sexa a horticultura, floricultura ou gandería non ligada á terra (liña P) ou cuxo titular non sexa agricultor profesional (liña R). As bases reguladoras destes plans están na Orde do 27 de decembro, publicada no DOG do 29 de decembro.

Plans de mellora para explotacións en xeral

Nos plans de mellora para explotacións en xeral, o investimento poderá chegar a un máximo de 90.151 euros por UTA sen superar 180.302 euros por explotación cando o titular sexa unha persoa física ou unha comunidade de bens. No caso de titulares persoas xurídicas, este límite máximo por explotación poderá multiplicarse polo número de socios da entidade que acrediten, pola actividade que desenvolven nela, a súa condición de agricultores/as profesionais, ata un máximo de catro, sen prexuízo do límite por UTA.

Non obstante, o límite de catro socios agricultores profesionais poderase ampliar, ata un máximo de seis, naqueles casos de explotacións de vacún de leite que resultan da fusión doutras individuais co fin de crear unha única explotación cunha dimensión adecuada e con infraestruturas modernas, que sexa competitiva, aforrando custos de produción e garantindo unha man de obra cada vez máis especializada, e que ao mesmo tempo sexan respectuosas co medio natural.

O número de plans de mellora que se poderán aprobar por explotación e beneficiario/a, para ese volume de investimento, será como máximo de tres nos seis últimos anos.

A contía máxima de axuda, expresada en porcentaxe do investimento, con carácter xeral, poderá chegar ata:

1. O 50% do investimento, para bens inmobles, e o 35%, para bens mobles, nas zonas desfavorecidas.
2. O 40%, para bens inmobles, e o 25%, para bens mobles, nas demais zonas.

Primeira instalación de agricultores/as moz@s

Se os gastos se dedican á adquisición ou acondicionamento da vivenda, esta deberá constituír a residencia habitual do mozo ou moza e estar situada na mesma parroquia ou nunha limítrofe á da explotación.

Pola súa banda, a construción ou acondicionamento exterior da vivenda deberá ser acorde coa tipoloxía da zona e coa normativa urbanística correspondente, o que se xustificará achegando, coa solicitude de axuda, de ser o caso, a correspondente solicitude de licenza de obras, e xuntando, coa certificación dos investimentos e gastos, a licenza definitiva cando sexa preceptiva segundo a lexislación urbanística.

As axudas á primeira instalación de agricultores/as mozos/as, dirixidas a auxiliar gastos e investimentos derivados poderían consistir en:

1. Unha bonificación de xuros do préstamo, en que o importe actualizado non supere a cantidade de 20.000 euros, resultante de aplicar, durante un período máximo de quince anos, unha redución do tipo de xuro preferente das entidades de crédito, establecido, de ser o caso, nos convenios financeiros para os préstamos de primeira instalación.

2. Unha prima por explotación, nunha contía máxima de 20.000 euros, que se poderá substituír, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuros equivalente.

As contías máximas de axuda expresadas anteriormente poderanse incrementar nun 10% nos seguintes cando a) se xere na explotación, polo menos, 1 UTA asalariada adicional á do mozo/a que se instala; b) nos supostos en que se instale unha muller; e c) cando a explotación estea situada nun concello dos cualificados de montaña.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 3 de marzo de 2006, ambos inclusive, preferentemente nas oficinas agrarias comarcais da Consellaría do Medio Rural.

Para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo ficará aberto ata o 30 de novembro.

1. Plans de mellora:

- a) Titularidade dunha explotación prioritaria.
- b) Orientación produtiva da explotación de vacún de leite.
- c) Diversificación da produción.
- d) Viabilidade económica da explotación.
- e) Tipo de investimento.
- f) Investimento por

Criterios de prioridade

UTA.

- g) Tipo de axuda ligada a préstamo.
- h) Explotacións de produción ecolóxica.
- i) Incorporación de agricultor mozo/a.
- j) Situación da explotación nun concello de montaña.

k) Titulares inscritos nalgún rexistro de denominacións de calidade en materia agroalimentaria

2. Axudas á Primeira instalación:

- a) Instalación do mozo mediante a modalidade de cotitularidade.

b) Viabilidade económica da explotación.

c) Primeira instalación ligada a un plan de mellora.

d) Maior dimensión produtiva da explotación.

e) Axuda ligada ao préstamo.

f) Situación da explotación nun concello de montaña.


O Ministerio de Agricultura abre o prazo para a cesión temporal de cota láctea no período 2005 / 2006

Durante todo o mes de febreiro poderanse presentar solicitudes de autorización para cesións temporais de cota láctea para o período 2005 / 2006.

Cómpre chamar a atención sobre o feito de que, quen transfira cota, perderá os

dereitos de prima láctea e de pagos adicionais integrados no pago único. É dicir, **quen transfira cota, cederá esta durante un ano, pero perderá definitivamente e para sempre os dereitos de prima correspondentes a esa cota cedida.**

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:.....

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Títular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Tractor JONH DEERE 2040 con dobre tracción. Importado, matriculado aquí, en perfecto estado de uso.

Preguntar por Manolo nos teléfonos 981 571 722 ou 676 410 981

Véndese

-Silo de penso para 5.000 quilos.
-Arado de tres vertedeiras.

Preguntar por Francisco nos teléfonos 982 160 657 e 647 172 807.

Véndese

-50 rulos de herba seca.
-Semente de herba Ray Grass.
Chamar ao 982 176 748

Véndese

-Muíño de moer trigo, maíno, etcétera. Practicamente novo.

-Alpacas boas.
Chamar ao 981 788 211

Véndese

Tractor JONH DEERE 6310, con 3.000 horas de uso.
Chamar ao 659 659 418

Véndese

Xovencas de raza frisona, con carta xenealóxica.

Preguntar por Moncho no teléfono 982 144 016

Véndese

Colleitadora de cereal DEUTZ FAR de 4'20 metros de corte.
Chamar ao 988 445 386

Véndese

Volkswagen Polo a gasóleo. En bo estado, sempre gardado no garaxe, con matrícula Coruña-CC. 80.000 quilómetros.
Chamar ao 660 167 390

Véndese

Desbrozadora lateral hidráulica.
Chamar ao 689 752 400.

Véndese

Rotoempacadora CLASS, modelo Rollant 46.
Chamar ao 981 797 225.

Véndese

4 xovencas preñadas con carta, próximas ao parto.
981 781 879

Véndese

Rolos de herba seca e unha sala de muxido de 4 puntos en Cartelle (Ourense).
Preguntar por Tito no teléfono 646 398 006.

Véndese

Herba seca en rolos. En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 982 393 241

Véndese

-Batedor de zurro.
-4 lamias (cast: llantas) de coche marca MOMO.
-4 rodas novas, lamia 15.
-2 rodas de remolque agrícola montadas en discos de 14 lonas.
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060.

Véndese

-Segadora rotativa POTTINGER modelo CAT 1'90 PLUS, con acondicionadora.
-Carro mesturador FRASTO, modelo fraco de 13 metros.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

Pacas grandes de herba seca.
Chamar ao 982 345 142

Véndese

-Rotativo BONINO 45.
-Enroladora CLASS 46.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 690 333 428.

Véndese

Tractor tipo fruteiro, de 60 cv, con desbrozadora. Ideal para viñedos.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

Vacas de leite.
Chamar ao 630 818 278

Véndese

-Remolque espaxecedor de abono.
-Rotativa.
-Arado de 3 regos.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

Herba seca e silo, en Cospeito.
Chamar ao 982 177 004

Véndese

Rolos de silo de boa calidade.
Chamar ao 982 164 467 ou ao móbil 620 449 460

Véndese

12 ovellas do país.
Preguntar por María no teléfono 982 168 060.

Véndese

-Tractor MASSEY FERGUSON 175.
-2 remolques autocargadores.
Chamar ao 650 959 198.

Véndese

Arado de 3 regos.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Tractor KUBOTA de dobre tracción, 71 CV, con 2 rodas dianteiras de reposto.
Chamar ao 618 283 320.

Véndese

Tractor marca CASE, serie Maxxon, de 200 CV. En bo estado e con prezo interesante.
Chamar ao 655 572 179.

Véndese

Silo de penso dividido en dous, con capacidade aproximada para 12.000 quilos. No concello de Coirós.
Chamar ao 696 831 373.

Véndese

Scooter marca SUZUKI Adress BX, vermella, de 50 cc.
Chamar ao 676 616 838 ou ao número 646 796 127.

Véndese

Moto YAMAHA especial de 250 cc, ano 2000, 22.000 quilómetros. En perfecto estado. 1.500 euros. En Rois (A Coruña).
Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003.

Véndese

Tuias para peches de fincas. Tamaño entre 80 e 120 centímetros. Prezo segundo pedido.
Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003.

Véndese

-Xovencas con carta próximas ao parto.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
-Tractor MASSEY FERGUSON 8120 Dynashift, de 145 CV. 2.000 horas de uso. Impecable.
Chamar ao 608 879 938.

Véndese

Casa en Piñor de Cea (Ourense). Ten curro, planta baixa e piso superior con tres habitacións e comedor, e unha casíña adicional que fai de cociña. Con eidos na zona. Seis familias de veciñanza. Bo acceso para coches, preto da N-525, a un quilómetro do centro urbano. 30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730.

Véndese

Desensiladora de terraza marca TENIAS. En Cospeito (Lugo).
Chamar ao 666 317 919.

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel no 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 3350, con pa de dobre tracción. Seminovo.
-Tractor RENAULT 88. Dobre embrague, dirección hidráulica. En bo estado.
-Tractor JOHN DEERE 2650, de dobre tracción.
-Tractor FIAT 80-90 con HI-LO e inversor de dobre tracción.
-Desbrozadora forestal desprazable lateralmente.
-Remolque, anciños (varios modelos), sulfatadora, abonadora, segadora (varias marcas), desensiladora, etcétera.
Chamar ao 982 153 182, ao 676 704 434 ou 679 966 032.

Véndese

Rotoempacadora marca CARRARO.
Preguntar por Xosé Manuel no 686 118 173.

Véndese

-Circuíto de muxido GASCOIG-NE, con lavado automático.
-Tanque de refrixeración ALFA LAVAL de 735 litros.
-Cisterna de 5.000 litros.
Preguntar por Lisardo no teléfono 982 178 265.

Véndese

Casa de pedra en Espiña, Pacios (Baralla, Lugo).
Preguntar por Benigno no teléfono 982 363 270. De non atoparse en casa, deixar recado no contestador. Despois, el chamará.

Véndese

Renault Clio 1.5 DCI, de 65 cv, con tres portas, cor negra metalizada, máis extras. De outubro de 2004. Prezo: 8.900 euros
Chamar ao 626 278 591 de 2 a 4 ou pola mañá cedo.

Véndese

-Desensiladora.
-Tractor RENAULT 57.
-Semental de branco belga. En Seixas (Cospeito, Lugo).
Chamar ao 610 362 674

Véndese

-Autocargador BEVILAQUA.
-Rotativo BONINO 45.
-Bañeira de leite PACHO de 1.000 litros, seminova, de aceiro inoxidable, trifásica.
Chamar ao 982 349 163

Véndese

-Sala de muxir WESFALIA con catro puntos de muxido.
-Tanque de frío de 850 litros.
-Opel Astra GLS 1.600
Preguntar por Eloi no teléfono 988 425 274 ou no 680 744 717

Véndese

-Picadora de millo CLASS 695 SL con cabezal KEMPER de 6 liñas, máis cabezal de herba.
-Carro mesturador vertical marca COMPAR de 12 m³a
En Sobrado (A Coruña).
Chamar ao 636 615 838

Véndese

Tanque de leite de 325 litros, na zona de Montesalgueiro (Aranga).
Chamar ao 981 798 145

Véndese

Viño do país rosado e augardente.
Chamar ao 986 689 486 e preguntar por Ana. Chamar a partir das 7 da tarde.

Véndese

-Autocargador rotativo MORRA.
-Desensiladora SEHTRAUW. En perfecto estado.
Chamar ao 982 163 465

Véndese

Boi de 2 anos de raza Rubia.
Chamar ao 982 165 281.

Véndese

Herba seca e rolos de silo en Santa Cristina (Cospeito, Lugo)
Chamar ao 982 177 387

Véndese

Ovellas novas preñadas de raza Merina.
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

Véndese

6 vacas de raza Rubia Galega marcadas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

9 ovellas preñadas e un macho, de boa raza.
Chamar ao 981 788 210

COMPRAS

Mércase

Cisterna de 6.000 litros en bo estado.
Chamar ao 609 733 289

OUTROS

Búscase

Traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 686 304 617

Ofrécese

Rapador profesional de ovellas para a campaña 2006.
Preguntar por Hadrián nos teléfonos 629 086 879 e 618 778 378

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Isaac Val Negrelos, produtor de leite e membro da Dirección Nacional do SLG

A relación entre Isaac Val Negrelos e o Sindicato Labrego vén de vello, daquela que a Galiza rural se erguera contra a inxustiza da cota empresarial, vai xa para trinta anos. Agora, compaxina o traballo nunha SAT en Prevesos (Castro de Rei) coas súas responsabilidades na Dirección Nacional do SLG. Con 170 reses e 777.000 quilos de cota, a explotación dá traballo a outros catro membros da familia, cinco postos de traballo que tremen diante da baixada de prezos anunciada pola industria, ou despois de que a última supertaxa lle levase por diante catro millóns de pesetas.

“O problema do prezo do leite é serio, pois cada vez rende menos o que producimos”

■ Vostede participou na última Dirección Nacional do Leite do SLG. Houbo algún tema destacado?

Un dos asuntos fundamentais que tocamos foi o debate en torno á caída dos prezos do leite. Eu defendín a unidade sindical á hora de emprender accións, fronte á posibilidade de que o SLG as faga en solitario. Cada vez somos menos xente no sector, e se queremos facer máis forza debemos estar unidos. Este é un problema que nos preocupa a todos.

■ Aquí en Prevedos, a 20 de xaneiro, as industrias comezaron a aplicar a baixada de prezos anunciada?

Polo de agora está todo moi calado. Agora mesmo só hai rumores, e ninguén fala nada do tema. Eu xa teño escoitado que se pretenden baixar cinco pesetas por litro, pero non deixan de ser contos que escoitas na rúa. Polo de agora, non se aplicou a baixada de prezos.

■ E a canto se cotiza o leite por aquí?

En concreto, Besnier está a pagar 52'5 pesetas por litro, despois de baixar 2 pesetas no último verán.



Isaac quéixase de que os custes non paran de medrar e, por riba, queren baixar o prezo do leite

■ Pensa que Medio Rural está a facer todo o necesario diante desta problemática?

Eu dixen sempre que debe ser a Consellaría, a través da mesa do leite, quen tome cartas no asunto antes de

iniciar calquera mobilización que, ao final, remata por prexudicar á xente. Evidentemente, se na mesa do leite non conseguimos nada, entón si que haberá que saír á rúa, pois levamos moitos

anos con prezos semellantes, mentres que os custes non paran de subir. É un problema moi serio, pois o que producimos cada vez nos rende menos, chegarán un intre no que nos arruinemos.

“Vexo ben o banco de terras para que as leiras as utilicen xente que as traballe”

■ En Prevesos tamén caería a pedrea da supertaxa.

A min, a supertaxa levouseme catro millóns de pesetas. Son moitos cartos que daban para cubrir outro tipo de gastos ou investimentos que ao final xa non poderei facer. De feito, tiña intención de amañar unhas fincas e por mor da multa xa non puiden.

■ Con tanto problema, cales pensa que deberían ser as prioridades para o medio rural galego.

O primeiro que habería que pór en marcha sería unha política de terras axeitada. Por exemplo, incidindo na concentración parcelaria para achegar máis as propiedades ás explotacións e aforrar custes. Tamén vexo ben a iniciativa do banco de terras para que as leiras que estean improdutivas poidan ser utilizadas por xente que as traballe.

“Traballamos para gañar un xornal, coma calquera empresario ou oficinista”

■ No seu caso particular, como lle afecta ese incremento dos custes de produción?

Eu viña gastando cada mes unhas 50.000 pesetas en gasóleo; hoxe, a factura mensual de combustible xa me vai nas 125.000 pesetas, e a cousa non para aí, pois tamén aumentaron os gastos noutros consumos. Por exemplo, no 2004 viña pagando 800.000 pesetas de abonos; e no 2005 xa tiven que gastar 1.500.000.

■ Con esas contas, se baixan o prezo do leite non hei tardar en ter problemas económicos

Tendo como teño aos bancos enriba, a miña situación estase volven-

do difícil; xa logo non das sacado cartos nin para pagar as letras. Os custes soben, e os nosos prezos baixan, e ao final de ano ves que gañas moito menos do que contabas.

■ Como para desanimarse...

O outro día estiven nun taller falando cun veciño ao que lle rompeu a coitela dunha ensiladora. Dixome: "rompeu, e agora terei que pagar, pero se aturo cinco meses máis, despois bótome fóra, nestas condicións non hai futuro".

■ Daquela, por aquí pecharon moitas explotacións?

En Prevesos eramos 66 veciños. Parte deles marcharon para fóra.

Daquela debía haber 45 explotacións; hoxe, só fican en activo catorce. Parte da culpa foi da rixidez das novas normativas que tivemos que cumprir, pois deixaron ao meirande das explotacións fóra da legalidade. Iso obrigounos a ter que meternos en investimentos millonarios. Tamén a redución de prezos obrigou a producir máis para ter rendibilidade, o que fixo necesario aumentar a man de obra, co conseguinte aumento de custes que iso supón. Nesta situación, moitas persoas que non tiñan quen lles continuase coa actividade gandeira, decidiron botarse fóra antes que gastar os cartos.

■ Así non me estraña que a mocidade non vexa futuro na gandería.

Iso de traballar moito e non ver rendementos fai que moitas explotacións se vexan sen futuro. A mocidade, se non lle ve rendibilidade á actividade agraria, non se vai incorporar.

Quen traballa nunha empresa de construción, se non ten un xornal para levar á súa casa diralle ao patrón que marcha traballar para outro. Pois no agro é o mesmo: traballamos para gañar un xornal como pode facelo calquera empresario ou oficinista, para manter á familia. E se non se gañas cartos nun sitio, haberá que ir gañalos a outro.